

Resolución do 14 de marzo de 2022 do Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal, convocado pola Orde do 23 de xuño de 2021 (DOG núm. 127 do 6 de xullo) pola que se lle da publicidade a diversos acordos

Na sesión que tivo lugar o día 14 de marzo de 2022, o tribunal nomeado pola Resolución do 10 de setembro de 2021 (DOG núm. 181 do 20 de setembro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria

ACORDOU

1. De acordo co establecido na base 8.1 da convocatoria, aprobar como **Anexo I** a esta resolución, por orde decrecente de puntuación, a **listaxe de persoas aprobadas** no proceso, en número non superior ao de prazas convocadas (2).

2. Aprobar como **Anexo II** a esta resolución, tamén por orde decrecente de puntuación, a **listaxe de reserva** con un número de persoas aspirantes que será como máximo, igual ao de persoas aprobadas (2). Na listaxe de reserva figuran as persoas aspirantes que aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

3. O resto de aspirantes que superaron as probas do proceso selectivo pero que, por obter unha puntuación inferior, non entran en ningunha das listas anteriores, publícanse no Anexo III.

Tal e como establece a base 5.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Estrada, 14 de marzo de 2022.

A presidenta do Tribunal

Paula Blasco Muela



Anexo I

Listaxe de persoas aprobadas

NIF CIFRADO	Nome
***1531**	ACUÑA PEON, EDUARDO
***5585**	CELA LOPEZ, JUAN JOSE

Anexo II

Listaxe de reserva

NIF CIFRADO	Nome
***2333**	PAZOS SIEIRO, JUAN ANTONIO
***7502**	LOPEZ ALVAREZ, RUBEN

Anexo III

Relación resto de aspirantes que superaron todas as probas do proceso y non figuran aprobadas ni en reserva.

NIF CIFRADO	Nome
***4154**	FIGUEROA VAZQUEZ, RODRIGO JOSE
***4845**	REBOLO LOPEZ, ALEJANDRO
***4792**	DIAZ PENA, HENRIQUE
***2615**	CARRILLO CALVO, ALBERTO

